

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 03.07.2019      Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 51822 (10/CPC-000117)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Da señora directora da Axencia Tributaria de Galicia, por petición propia, para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo de 2018

**Punto 2. Pregunta**

- 2.1 45458 (10/POC-007268)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, os aspectos que modificaría para mellorar a súa eficacia e a necesidade de superar o marco competencial de Galicia para avanzar na igualdade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

- 3.1 49416 (10/PNC-004004)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Torregrosa Sañudo, Julia  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos datos reflectidos no Informe de sinistralidade laboral en Galicia no ano 2018 e a reforma laboral do ano 2012  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019*
- 3.2 49606 (10/PNC-004012)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa composición e actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial de Galicia



*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## Vogais

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 51822(10/CPC-000117)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da señora directora da Axencia Tributaria de Galicia, por petición propia, para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo de 2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

24 XUN. 2019

Núm. 51822

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

24 XUN. 2019

SAIDA

Núm. 137

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos- da directora da Axencia Tributaria de Galicia para informar sobre "a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2018".

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.      Pregunta



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 45458(10/POC-007268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, os aspectos que modificaría para mellorar a súa eficacia e a necesidade de superar o marco competencial de Galicia para avanzar na igualdade

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 17:06:45  
Nº Rexistro: 45458  
Data envío: 05/02/2019 17:06:45.612

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao cumprimento e vixencia da lexislación en igualdade con especial atención ao aspecto económico.

Pasaron xa máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*. Porén, a vixencia da situación de desigualdade permanece cuns índices intolerables, nomeadamente nos parámetros referidos ao ámbito económico. Este feito, debe obrigar a avaliarmos o cumprimento e eficacia deste marco e o impulso da Xunta de Galiza para desenvolvelo.

Entre outros aspectos, a *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* establece o principio de transversalidade para o desenvolvemento dos seus obxectivos. Desta forma, no punto 2 do seu artigo 6º establece “*O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátase de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátase de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentárase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres.*” Porén, a década de goberno Feijóo demostrou unha baixa capacidade de diálogo social, nomeadamente

CSM-REXISTRO-wr16RF7N1-6  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/02/2019 17:06:45

Nº Rexistro: 45458

Data envío: 05/02/2019 17:06:45.612

cos colectivos sindicais, sociais e oposición. Así mesmo, o fracaso das políticas de igualdade demostran que o principio de transversalidade non ten sido posto en práctica de forma adecuada.

Así mesmo, o noso marco legal sinala como obxectivo “*A consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, buscando, en especial, a supresión das diferenzas salariais por razón de sexo e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea.*” que non ten sido acadado tal e como demostra, por exemplo, o avance da fenda salarial fóra da administración pública.

Tampouco “*A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación*” ten sido un obxectivo acadado. É máis, a política de recortes en materia de servizos sociais aplicados durante a recesión económica ten lastrado os avances neste eido.

Así mesmo, desde Galiza a absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de economía, emprego e de xustiza limita a nosa capacidade de actuación e é unha mostra máis do lesivo que é para a clase traballadora galega a ausencia dun marco de relacións laborais propio así como a falta de vontade do goberno galego de espremer ou superar o noso marco competencial.

Pasados máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes* cómpre avaliar o cumprimento do marco e as súas necesidades de revisión, con especial atención ao aspecto económico.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:



CSX4 REXISTRO-wrt1685F7Nh-6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:06:45**  
**Nº Rexistro: 45458**  
Data envío: 05/02/2019 17:06:45.612

Considera o goberno galego que ten cumprido os obxectivos que se marcaba a lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes?

Que aspectos modificaría desta lei para corrixir a súa falta de eficacia?

Que melloras trasladaría ao goberno central para as cuestións de competencia estatal? Porque medios o ten feito? Con que resultado?

É preciso superar o limitado marco competencial galego para avanzar en igualdade?

Considera a Xunta de Galiza que ten cumprido co principio de transversalidade? E co fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, ben públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local? De que forma? Con que mecanismos de seguimento?

Que valoración fai a Xunta de Galiza das políticas levadas a cabo no ámbito económico?

E no ámbito da igualdade laboral?

E no ámbito dos convenios colectivos?

E na esfera da inserción social das mulleres en situación de exclusión social?

E respecto das políticas de conciliación?

CSX4 REXISTRO-wrt1685F7Nh-6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:06:45**  
**Nº Registro: 45458**  
Data envío: 05/02/2019 17:06:45.612

Como avalía o goberno galego o impacto dos recortes aplicados polos gobernos galego e central, especialmente na década de recesión?

Santiago de Compostela, 5 febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 16:57:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 16:57:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 16:57:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 16:57:51**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:06:45**  
**Nº Rexistro: 45458**  
Data envío: 05/02/2019 17:06:45.612

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 16:57:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 16:57:55**

CSV REXISTRO-wrtN8SF7Nh-6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 03.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1 49416(10/PNC-004004)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos datos reflectidos no Informe de sinistralidade laboral en Galicia no ano 2018 e a reforma laboral do ano 2012

*Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/04/2019 10:51:31  
**Nº Rexistro: 49416**  
Data envío: 25/04/2019 10:51:31.111



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.ª**

### Exposición de motivos:

CC-OO vén de publicar un informe no que alerta de que no ano 2018 Galicia volveu encabezar a clasificación de comunidades con máis accidentes laborais mortais por cada cen mil traballadores. Mentres que a media do Estado se situou nos 3,24 accidentes, Galicia superou os 6.

56 foron as persoas que morreron nun accidente de traballo durante o ano 2018, 50 durante a xornada laboral e 6 in itinere.

O incremento dos accidentes mortais produciuse en tódolos sectores de actividade, salvo na construción. O maior aumento atopámolo na agricultura, con tres mortes máis que no ano 2017, e na pesca, con catro mortes máis. A industria e os servizos rexistraron unha morte máis que o ano anterior.

O balance xeral de accidentes de traballo non é mellor. Segundo o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), o pasado ano producíronse en Galicia 30.972 accidentes de traballo con baixa, o 90,21% dos cales (27.941) sucederon durante o transcurso da xornada laboral. O 9,79% restante (3.031) producíronse durante o desprazamento do domicilio ao centro de traballo, ou viceversa. Así, os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral

CSM-REXISTRODewwNSdb9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





aumentaron un 2,39% con respecto ao ano 2017, mentres que a cifra de accidentes in itinere se mantivo practicamente conxelada.

A conclusión máis salientable do estudo é a que demostra a correlación entre precariedade laboral e sinistralidade. Segundo o informe, “os traballadores e traballadoras con menos antigüidade no seu posto de traballo teñen máis probabilidades de sufriren un accidente de traballo. Un dato revelador disto é que o 21 % dos accidentes con baixa en xornada laboral rexistrados no 2018 sufríronos persoas que tiñan unha antigüidade inferior a tres meses no seu posto de traballo, porcentaxe moi elevada en relación coa poboación asalariada exposta a esa situación”. A isto cómpre engadir que “as persoas con contrato temporal tamén corren máis riscos de sufrir un accidente que as que teñen unha relación estable: o 42 % dos accidentes con baixa en xornada laboral rexistrados no 2018 ocorréronlles a persoas cun contrato temporal”. “No ano 2018, en comparación co 2017, producíronse 734 accidentes máis entre traballadores/as temporais (+6,73 %) fronte a 81 menos en indefinidos (-0,53 %)”.

Acerca destes datos, Roi Fernández, Secretario de Saúde Laboral de CCOO, subliñou que “resulta evidente que a sinistralidade tamén vai da man do traballo precario”, razón pola que urxe derrogar a reforma laboral do 2012 “lesiva para os intereses da clase traballadora” e substituíla por unha nova regulación do mercado de traballo que garanta os dereitos do persoal, incluíndo algo tan básico como a súa seguridade.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a derrogar a reforma laboral do ano 2012 por razóns de saúde laboral e substituíla por unha regulación do





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/04/2019 10:51:31**  
**Nº Rexistro: 49416**  
Data envío: 25/04/2019 10:51:31.111



mercado de traballo que sexa sensible aos dereitos dos traballadores e traballadoras, comezando polo seu dereito á saúde.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo  
Luís Villares Naveira  
Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 25/04/2019 10:50:36**

**Luis Villares Naveira na data 25/04/2019 10:50:49**



CSV: REXISTRO4DawwNS699

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.2 49606(10/PNC-004012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa composición e actividade desenvolvida polo

Observatorio do Solo Empresarial de Galicia

*Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude desta competencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento no ano 2016 a oficina *Doing Business Galicia*.

O 10 de outubro de 2017, A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “*Concellos Doing Bussines Galicia*”.

O Protocolo pon unha serie de deberes aos concellos que consisten na axilización e simplificación administrativa dos trámites municipais, modificacións do réxime xurídico do concello e modificacións do réxime fiscal; así como o establecemento de prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial.

E na cláusula terceira do documento recóllense os compromisos da Xunta de Galicia:

*“Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:*

*1. A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/05/2019 17:16:09  
Nº Rexistro: 49606  
Data envío: 06/05/2019 17:16:09.953

2. Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3. Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Business Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificarán os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.”

Pasado máis de 18 meses desde a sinatura deste protocolo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

1º. No prazo máximo dun mes presente a avaliación das necesidades, así como as propostas de actuación nos parques empresariais de Galicia, elaborados polo Observatorio do Solo Empresarial de Galicia.

2º. Publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo máximo de un mes, os informes emitidos polo Observatorio do Solo Empresarial de Galicia.

3º. Publique na páxina *web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo máximo de un mes, as entidades, asociacións, empresas e/ou persoas que forman parte do Observatorio do Solo Empresarial de Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/05/2019 17:16:09**  
**Nº Registro: 49606**  
Data envío: 06/05/2019 17:16:09.953

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/05/2019 17:11:39**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2019 17:11:46**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 17:11:54**

CSX, REGISTRO305B7AJK4  
Verificación  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)